



## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 05-08-2022, ditou a resolución con número 2313/2022 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

**Nomeamento do tribunal cualificador, listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, data para a valoración de méritos da fase de concurso e, data da realización do exercicio da fase de oposición, do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e tres Operarios de motobomba.**

#### **Corrección de erro decreto núm. 2307/2022 de 04/08/2022.**

Detectouse un erro material no Decreto de Alcaldía núm. 2307/2022 de 04/08/2022, polo que se acordou o nomeamento do tribunal cualificador, listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, data para a valoración de méritos da fase de concurso e, data da realización do exercicio da fase de oposición, do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e tres Operarios de motobomba.

Dito erro prodúcese na parte resolutiva, apartado segundo, onde figuran os membros do tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, en concreto o parágrafo referido os Vocais.

Conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

En consecuencia procede rectificar os citados erros materiais.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Rectificar o erro material detectado na parte resolutiva da Resolución núm. 2307/2022 de 04/08/2022 no **apartado segundo**, onde se designan os membros do tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, en concreto o parágrafo referido o/a Presidente do tribunal.

#### **A tales efectos, onde di:**

##### **Parte resolutiva.**

**Segundo.-** Designar o tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

##### **Presidente:**

- Titular: D<sup>a</sup>. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de Administración Xeral do concello de Carballo.
- Suplente: D<sup>a</sup>. **Carmen Del Río Rodríguez**, Técnica de Administración Xeral do concello de Carballo.

##### **Debe dicir:**

**Segundo.-** Designar o tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

- Titular: D<sup>a</sup>. **Carmen Del Río Rodríguez**, Técnica de Administración Xeral do concello de Carballo.
- Suplente: D<sup>a</sup>. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de Administración Xeral do concello de Carballo.

**Segundo.-** Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, e con carácter complementario na páxina web municipal [www.carballo.org](http://www.carballo.org).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Segunda Tenente de Alcalde

Secretaria accidental

Milagros Lantes Seara

Carmen del Río Rodríguez

R.D.2124/2022 DE 15/07/2022

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá presentar directamente demanda ante a xurisdición social nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución. Non obstante, con carácter previo e potestativo, poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cós artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria accidental

Carmen del Río Rodríguez